

Análise dos salarios dos titulados no SUG

José Eduardo López Pereira¹, M^a Carmen Fernández Montes¹, Pedro Faraldo Roca², Rosa María Crujeiras Casais², Belén María Fernández de Castro³, María José Lombardía Cortiña⁴, Salvador Naya Fernández⁴, José María Matías Fernández⁵, Verónica Carreira Figueiras⁶, Adela Martínez Calvo⁷

1 Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

2 Departamento de Estatística e Investigación Operativa. Universidade de Santiago de Compostela.

3 CESUGA. University College Dublin.

4 Departamento de Matemáticas. Universidade da Coruña.

5 Departamento de Estatística e Investigación Operativa. Universidade de Vigo.

6 NCG Banco.

7 Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia.

RESUMO

Cando a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) puxo en marcha os estudos de inserción laboral sobre os titulados do Sistema Universitario de Galicia (SUG), o principal obxectivo que se fixou foi recadar información para proporcionar á sociedade sobre a empregabilidade dos titulados, o proceso de inserción no mercado de traballo, así como a avaliación de diversos aspectos da súa situación laboral, considerando entre outros, o salario que perciben.

Neste traballo recóllese unha análise do nivel retributivo dos titulados no curso 2007-2008, no posto de traballo que ocupaban dous anos despois de obter o título, achegando unha comparativa por ramas de coñecemento e sexo, ademais da evolución nos últimos anos.

Palabras e frases clave: inserción laboral, titulados universitarios, salario.

1. INTRODUCCIÓN

A “*Declaración de la UNESCO sobre Educación Superior en el Siglo XXI*”, establece que a misión da Educación Superior é a formación de profesionais altamente cualificados que actúen como cidadáns responsables, competentes e comprometidos co desenvolvemento local e social. Pese aos esforzos da Unión Europea para establecer un espazo educativo superior harmonizado, neste escenario de crise económica global, a *rendibilidade* da Universidade esta sendo abertamente cuestionada.

Resulta evidente que a rendibilidade da nosa Universidade non só debe medirse en termos económicos, se non tamén a través doutros factores de produción que teñan en conta o grao de formación das persoas, como é o capital humano. Con todo, no resulta sorprendente escoitar preguntas do tipo *¿paga a pena ir á Universidade?* ou *¿vou ter mellor salario por estudar unha titulación universitaria?*, tanto por parte dos futuros estudantes universitarios como das súas familias.

O informe “*Impacto de la Formación en las Retribuciones 2010*” da consultora ICSA Grupo sinala que os titulados universitarios en España cobran, en media, un 49% máis que o resto dos profesionais e que esta diferenza vén explicada por dous motivos: dentro dunha mesma categoría, os universitarios reciben un salario máis alto e ademais, os titulados universitarios copan os postos de maior responsabilidade, e por tanto, están mellor pagados. En canto a cifras, o salario medio mensual establecido para titulados universitarios (diplomados e licenciados) é de 1.749€ e 1.932€ respectivamente.

No caso de Galicia, os estudos de inserción laboral da ACSUG, aportan información sobre as características dos postos de traballo que ocupan os titulados, poñendo de manifesto a capacidade que o tecido empresarial e produtivo posúe para a absorción dos titulados formados no SUG, tendo en conta tamén o salario que perciben. Neste traballo preséntanse os resultados dos salarios dos titulados no curso 2007-2008, no posto de traballo que ocupaban dous anos despois de obter o título. Achégase ademais unha comparativa por ramas de coñecemento e sexo, así como a evolución dos salarios nos últimos anos.

A distribución do traballo é a seguinte. Na Sección 2, preséntase a información técnica relativa ao estudo. Os salarios percibidos polos titulados, por ramas de coñecemento e sexo, inclúense na Sección 3, xunto con datos que permiten ver a súa evolución temporal. Finalmente, na Sección 4, recóllense algunhas conclusións e un resumo dos resultados.

2. DATOS TÉCNICOS DO ESTUDO

A poboación de interese está constituída polos titulados no SUG no curso académico 2007-2008. O universo ou poboación de interese non pertence a un ámbito xeográfico nun senso estrito, dado que os titulados no SUG non teñen porqué ser necesariamente residentes en Galicia. A unidade de mostraxe e a unidade informante son a mesma: cada un dos titulados no SUG durante o curso académico 2007-2008. A estes accedeuse a través de listaxes proporcionadas por cada unha das universidades.

Para o cálculo da mostra e a presentación de resultados, considéranse as seguintes ramas de coñecemento: Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas (I, II, III e IV) e Artes e Humanidades (I e II). Esta agrupación vén sendo utilizada dende o primeiro estudo da ACSUG, permitindo agrupar titulacións de características similares dentro de ramas de coñecemento como as Ciencias Sociais e as Humanidades. As titulacións incluídas en cada rama poden consultarse en ACSUG: Programa de Inserción Laboral. Para cada titulación e campus (subpoboación) seleccionouse unha mostra aleatoria, determinando o tamaño para a estimación da proporción (con varianza máxima) e fixando un erro máximo absoluto do 10%, cun nivel de confianza do 95%. Posteriormente, os resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG obtéñense mediante elevación proporcional ao tamaño de cada subpoboación. Os tamaños de poboación e mostra en cada universidade do SUG poden verse na Táboa 1.

Táboa 1: Titulados no SUG no curso 2007-2008. Tamaños de poboación e mostra.

Universidade	Poboación	Mostra
A Coruña	2.600	1.327
Santiago	3.501	1.808
Vigo	3.115	1.695
TOTAL	9.216	4.830

As enquisas realizáronse mediante entrevista telefónica, fixando un número máximo de 5 chamadas por titulado, escollendo estes de xeito aleatorio. O cuestionario empregado é o mesmo que en edicións anteriores do estudo (véxase ACSUG: Programa de Inserción laboral), o que permite a comparabilidade dos resultados. O traballo de campo foi realizado polo Centro de Atención Telefónica (C.A.T) da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar empregando a metodoloxía CATI (*Computer Assisted Telephone Interviewing*). Os servizos informáticos da ACSUG desenvolveron unha aplicación específica para este estudo, cuxo traballo de campo se desenvolveu dende o 21 de maio ata o 30 de novembro de 2010.

3. ANÁLISE DO NIVEL RETRIBUTIVO DOS TITULADOS NO SUG (2007-2008)

Á hora de analizar o nivel retributivo dos titulados en 2007-2008, existen algúns factores determinantes que poden condicionar o salario percibido. Entre outros, debe terse en conta o tempo que os titulados levan no mercado de traballo e o tipo de xornada laboral. Dos titulados no curso 2007-2008, un 47,95% traballa dende hai un ano ou menos, mentres que un 19,93% traballa dende hai máis de dous anos. No tocante á xornada laboral, un 21,64% traballa a tempo parcial. Por ramas de coñecemento, as porcentaxes de titulados con xornada a tempo parcial é a seguinte: Ciencias da Saúde (12,72%), Ciencias (24,45%), Arquitectura e Enxeñaría (8,79%), Ciencias Sociais e Xurídicas I (16,34%), Ciencias Sociais e Xurídicas II (17,97%) Ciencias Sociais e Xurídicas III (37,39%), Ciencias Sociais e Xurídicas IV (21,70%), Artes e Humanidades I (37,50%) e Artes e

Humanidades I (43,41%). Nos resultados que se presentan, non se tivo en conta a modalidade contractual nin o tipo de xornada.

Como pode observarse na Táboa 2 (última columna), o 37,38% dos titulados no SUG percibe un salario mensual inferior a 1.000 euros, un 58,50% gañan ao mes entre 1.000 e 2.000 euros, e só un 4,12% gañan máis de 2.000 euros mensuais.

Táboa 2. Distribución dos titulados segundo o salario medio mensual. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos de inserción laboral anteriores (correspondentes a titulados no 2001-2003, 2003-2005, 2005-2006 e 2006-2007).

	2001-2003	2003-2005	2005-2006	2006-2007	2007-2008
Menos de 500 €	17,00%	5,64%	5,81%	5,62%	5,19%
Entre 500 e 1000 €	55,40%	33,85%	31,10%	31,87%	32,19%
Entre 1000 e 1500 €	22,40%	35,25%	41,21%	40,63%	40,25%
Entre 1500 e 2000 €	3,50%	13,93%	18,25%	17,73%	18,25%
Máis de 2000 €	1,70%	4,11%	3,64%	4,14%	4,12%

En canto á evolución dos salarios, aínda que nos primeiros estudos (titulados en 2001-2003, 2003-2005 e 2005-2006) apreciábase un incremento nos salarios medios dos titulados, detectable no aumento das porcentaxes de titulados nos tramos salariais máis altos, esta tendencia semella terse estancado nos últimos estudos realizados (véxase Táboa 2). Pode observarse que a distribución dos titulados no 2007-2008, por tramos salariais mensuais, é moi similar á dos titulados en promocións anteriores (2005-2006 e 2006-2007). Este estancamento na evolución dos salarios pode confirmarse mediante o cálculo dos salarios medios dos titulados do SUG á súa chegada ao mercado laboral unha vez obtido o título. Para realizar esta comparativa, deflactouse a serie de salarios medios mediante o IPC correspondente a cada período. Os resultados obtidos preséntanse na Figura 1.




Figura 1. Salario medio mensual (en euros) dos titulados do SUG nos distintos estudos de inserción laboral realizados pola ACSUG. Serie deflactada mediante IPC.

Como se pode apreciar na Figura 1, os salarios medios aumentaron dende os 976,95€ dos titulados no 2001-2003 ata os 1.186,38€ para os titulados no 2005-2006. Tras esa etapa de crecemento, os salarios estabilizáronse, e incluso se reduciron, nos períodos posteriores: 1.189,13€ para os titulados do 2006-2007 e 1.179,94€ para os do 2007-2008.

2007-2008. Este estancamento no salario medio coincide coa aparición dos primeiros síntomas da crise económica global, aínda en vigor na actualidade.

Do estudo “*Impacto de la Formación en las Retribuciones 2010*”, ao comparar os salarios dos traballadores de menor idade (entre 24 e 30 anos), pode observarse unha importante diferenza salarial entre os que teñen unha titulación universitaria (27.048 € de retribución anual bruta) fronte ao resto dos traballadores, cuxo salario bruto non é de 20.852€ anuais. Esta diferenza faise maior a medida que aumenta a idade.

Amósase na Figura 1 a distribución de salarios mensuais por rama de coñecemento. Os salarios menores de 500€, que representaban un 5,19% no total do SUG, tendo unha frecuencia inferior en Ciencias da Saúde (1,71%), Ciencias (1,77%), Arquitectura e Enxeñaría (1,23%), Ciencias Sociais e Xurídicas I (2,30%) e Ciencias Sociais e Xurídicas IV (3,92%). Nas ramas de Artes e Humanidades, as porcentaxe son sensiblemente superiores, feito que pode explicarse pola proporción de titulados que traballan a tempo parcial.




Figura 1. Distribución dos titulados segundo o salario mensual. Resultados por ramas de coñecemento.

Destaca a maior porcentaxe de titulados por baixo dos 1.000€s nas ramas de Artes e Humanidades I e II (67,22% e 58.33%), seguidas das catro ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas (38,67%, 46,77%, 46,32% e 50,69%), e Ciencias (38,61%). Neste tramo, Ciencias da Saúde (15,53%) e Enxeñaría e Arquitectura (22,99%) son as ramas con menos porcentaxe de titulados, o que indica que nelas os salarios son superiores por termo medio. Neste senso, destaca especialmente a rama de Ciencias da Saúde, na que case o 50% dos titulados posúen salarios por encima dos 1.500€, e máis do 10% supera os 2.000€, seguida a certa distancia por Enxeñaría e Arquitectura con case o 28% e o 6% polos mesmos conceptos.

En termos de salarios medios mensuais, a Figura 2 mostra os resultados obtidos por rama de coñecemento e a nivel SUG, comparados cos obtidos no estudo anterior (titulados en 2006-2007). Pode observarse que os salarios medios son moi similares en todas as ramas de coñecemento excepto en Artes e Humanidades I, na que o salario medio redúcese considerablemente. En Ciencias da Saúde, onde se experimenta un incremento do salario medio con respecto ao estudo anterior, produciuse unha redución na porcentaxe de parcialidade dos contratos (do 18,11% no estudo anterior ao 11,72% no presente estudo).




Figura 2. Salario medio do SUG por rama de coñecemento. Comparativa para os titulados en 2007-2008 e os titulados en 2006-2007.

Malia que se detectou un lixeiro descenso respecto ás diferenzas salariais con respecto a estudos anteriores, os homes titulados perciben un salario medio mensual que supera ao das mulleres tituladas en 101,58€. Para os titulados no 2006-2007, esta diferenza era de 188,98€. Ademais, as diferenzas entre o salario dos titulados e das tituladas supera os 200€ nas ramas de Artes e Humanidades, sendo esta diferenza inferior (e cunha redución con respecto aos estudos anteriores), nas ramas de Ciencias da Saúde, Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura.

4. CONCLUSIONES

O salario medio dun titulado do SUG no curso 2007- 2008 ascende a 1.179,90€; no caso das mulleres esta cifra é de 1.138,90€ e para os homes 1.240,40€. Respecto ás ramas de coñecemento consideradas no estudo, encabezan a lista das mellor remuneradas Ciencias da Saúde (mulleres 1.453,09€ e homes 1.529,17€) e Enxeñaría e Arquitectura (mulleres 1.207,92€ e homes 1.344,71€). No lado contrario, as ramas de coñecemento con salarios máis baixos son Artes e Humanidades I (mulleres 873,61€ e homes 1.158,86€) e Artes e Humanidades II (mulleres 934,32€ e homes 1.166,74€).

Dos resultados do “*Impacto de la Formación en las Retribuciones 2010*”, pódese concluir que, que os titulados universitarios seguen marcando diferenzas na súa retribución respecto aos non titulados.

REFERENCIAS NA REDE

ACSUG: *Programa de Inserción laboral*.
(<http://www.acsug.es/webs/pil.php>)

ICSA Grupo (2010). *Impacto de la Formación en las Retribuciones 2010*.
(<http://www.icsarrhh.com/index.php?op=InformeDeRemuneraciones>)